

A Comisión de Peticións, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 16 de xaneiro de 2018, ás 13:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Ratificación do nomeamento provisional da Ponencia encargada de elaborar o Informe sobre o Proxecto de reforma do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo, acordado pola Mesa da Comisión de Peticións, na reunión do día 6 de novembro de 2017 (BOPG núm. 206, do 7 de novembro de 2017)

Punto 2. Debate e votación do Informe da Ponencia sobre o Proxecto de reforma do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Pobo, 12861 (10/PMRE-000001)
Publicación do Proxecto de reforma, BOPG núm. 154, do 28 de xullo de 2017
Publicación das emendas, BOPG núm. 206, do 7 de novembro de 2017
Publicación do informe de ponencia, BOPG núm. 233, do 26 de decembro de 2017

Punto 3. Dereito de petición

- 3.1 15180 (10/VAUDE-000003)
Proposta de declaración institucional ante o referendo catalán
- 3.2 19788 (10/VAUDE-000004)
Proposta dunha proposición de lei que ampare as vítimas por desaparicións infantís forzadas en todo o territorio español
- 3.3 20113 (10/VAUDE-000005)
Petición de adopción dos acordos precisos para suspender a actividade cinexética de maneira indefinida nas zonas afectadas polo lume e o reforzo dos reténs de axentes facultativos medioambientais para garantir o cumprimento da suspensión; a modificación do artigo 44, apartado primeiro, da Lei 3/2007, do 9 de abril, e a inclusión no catálogo de infraccións de carácter moi grave da práctica da caza en zonas queimadas

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 09/01/2018 14:31:42